

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das casas niño sete anos despois da súa posta en funcionamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

6.9 53770 (11/PUP-000336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante as perdas causadas pola seca na produción agrogandeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Valedor do Pobo

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de maio de 2023, polo que se modifica a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo

De conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, o persoal ao servizo do Valedor do Pobo depende orgánica, funcional e disciplinariamente da valedora do pobo e rexerese polas normas de réxime interior recollidas na súa disposición adicional e, con carácter supletorio, polo Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

O cadro de persoal ou relación de postos de traballo, de acordo co parágrafo 2 do dito artigo, será aprobado pola Mesa do Parlamento, por proposta da persoa titular da institución.

A relación de postos de traballo configúrase como o instrumento técnico a través do cal se leva a cabo a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo, segundo establece o artigo 19 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a súa denominación, situación na estrutura orgánica, forma de provisión, grupo, corpo e escala, nivel, complemento específico e requisitos para o seu desempeño.

A relación de postos de traballo debe ser un instrumento dinámico que responda ás necesidades reais da institución en cada momento e, por tanto, susceptible de ser modificada para adaptarse ás exixencias que lle impón o deber de prestar de forma eficiente o exercicio da defensa dos dereitos dos cidadáns.



A Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 14 de febreiro de 2023, aprobou a modificación do artigo 24 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, conforme o disposto nas normas para a súa tramitación (acordo da Mesa do Parlamento do 4 de decembro de 1995). O dito acordo publicouse por Resolución do 24 de febreiro de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 44, e *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 463, ambos do 3 de marzo).

A dita modificación establece as competencias do que desenvolverá, baixo a supervisión do secretario xeral, a xefatura do Servizo de Administración e Persoal e engade un artigo 24.*bis* ao regulamento, no que se establece que, existindo unha xefatura de Servizo Económico-Financeiro, que desenvolverá, baixo a supervisión do secretario xeral, as funcións en materia económico-financeira que nel se establecen, funcións que en parte estaba desenvolvendo a Xefatura do Servizo II, que figura co número de orde 9, do Acordo da Mesa do Parlamento do 21 de xaneiro de 2020, polo que se modifica a RPT do Valedor do Pobo (BOPG núm. 596, do 22 de xaneiro).

De acordo co anterior, propónse a modificación da relación de postos de traballo da institución do Valedor do Pobo que figura a continuación:

1. Modificación da denominación do posto de xefe/a do Servizo II, que pasa a denominarse xefe/a do Servizo Económico-Financeiro

O posto de xefe/a do Servizo II, que figura co número de orde 9 no Acordo da Mesa do Parlamento do 21 de xaneiro de 2020 polo que se modifica a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo (BOPG nº 596, do 22 de xaneiro), pasa a denominarse xefe/a do Servizo Económico-Financeiro, de acordo coa modificación do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo aprobada pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia o 14 de febreiro de 2023.

Non se modifica a súa situación na estrutura orgánica, forma de provisión, grupo, corpo e escala, nivel, complemento específico nin requisitos para o seu desempeño.

Por resolución da valedora do pobo procederase á readscripción do funcionario que ocupa o posto cuxa denominación se modifica, unha vez aprobada a modificación da relación de postos de traballo.

2. Negociación da modificación da relación de postos de traballo

De conformidade co disposto no capítulo XII do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, someteuse a presente proposta de modificación á consideración das organizacións sindicais máis representativas, en reunión que tivo lugar o 5 de maio de 2023.

3. Financiamento da modificación da relación de postos de traballo

A modificación da relación de postos de traballo proposta non supón incremento de gasto, ao modificarse unicamente a denominación do posto para adaptalo á modificación do Regulamento de organización e funcionamento.



Visto o informe-proposta de modificación presentado pola persoa titular do Valedor do Pobo, a Mesa, conforme o disposto no artigo 10.2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Modifícase a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo nos termos seguintes:

Cámbiase a denominación da praza núm. 9 da relación de postos de traballo da forma seguinte:

Orde	Unidade orgánica	Denomina-ción	Nivel	Comple-mento específico (C/ano)	Grupo	Corpo	Tipo de posto	Forma pro-visión	Observacións
9	Servizos adminis-trativos	Xefe/a do Servizo Económico-Financeiro	28	31.391,22	A	Superior	N	LD	Persoal funcionario. Lic. Dereito

Segundo. Este acordo de modificación producirá efectos desde o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2023

M^a Elena Candia López

Vicepresidenta 1^a

